
Fagus sylvatica L., 1753

- faia
- haya
- pagoa
- faig
- common beech
- faia



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Fagales**	**Fagaceae**	***Fagus***

ORIXE

Orixinaria do centro e oeste de Europa.

CARACTERÍSTICAS

Árbore xeralmente grande, que pode acadar ata 30 metros de altura. A copa ten forma de cúpula. A codia é lisa, de cor gris chumbo; nas árbores vellas vólvese algo áspera, pero nunca presenta gretas nin escamas grosas, sendo como moito ondulada ou lixeiramente rabuñada. As follas son alternas, de 5 a 10 cm de lonxitude, ovadas ou elíptico-lanceoladas, máis anchas cara ao centro ou na parte anterior, e máis estreitas e cuneiformes na base. O bordo é lixeiramente ondulado e presenta longos pelos sedosos de cor branca. As flores masculinas agrúpanse en gran número en inflorescencias amentáceas, mentres que as femininas aparecen nun fráxil involucro de catro lóbulos. O froito mide ata 2 cm de lonxitude, presenta tres cantos agudos e é de cor pardo brillante.

HÁBITAT

Constitúe importantes masas forestais, preferentemente en solos ricos e húmidos, situados en zonas de clima fresco no verán. Tamén se desenvolve en solos areosos e calcarios, dende o nivel do mar ata os 1500 metros de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Frecuente en toda Europa, a excepción do sueste.

CURIOSIDADES

Se non existisen condicións externas desfavorables, as faias acabarían ocupando a maior parte das superficies colonizables de Europa central.